Código seguro de Verificación : GEISER-7f33-e1af-117a-4b4c-8f9f-f53b-3cf6-3ec7 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

Universidade Vigo
Xerencia
Edificio Exeria
Campus Universitario
36310 Vigo
España
Tel: 986 8 13560
www.uvigo.gal
xerencia@uvigo.es

INSTRUCIÓN DA XERENCIA 4/2019, DO 26 DE FEBREIRO, RELATIVA Á XESTIÓN ECONÓMICA DAS PRAZAS DE PROFESORADO DOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS.

I.-Antecedentes.

A Universidade de Vigo ten dotado no orzamento do exercicio 2019, na partida orzamentaria 2019 0000 421SCPP 23, os créditos necesarios para a execución dos gastos precisos para levar a cabo a saída a concurso do máximo de prazas de funcionarios dos corpos docentes que permite o marco legal.

II.- Unidades encargadas da xestión.

a) Xestión dos gastos: As Áreas de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos do ámbito/campus onde se desenvolva efectivamente o procedemento encargaranse dos trámites necesarios (requirir documentación, impulso de pedidos, axudas de custo, xustificantes, reservar viaxes, etc.) derivados do procedemento.
b) Tramitación económica: A Sección de Xestión Económica, no Servizo de Xestión Económica e Contratación, efectuará a tramitación dos gastos e a súa imputación orzamentaria á aplicación orzamentaria 2019 0000 421SCPP 23.

III.-Procedemento:

O procedemento para a xestión dos gastos será o seguinte:

1. A Área de Apoio a Centros e Departamentos do ámbito/campus onde se realice o procedemento das prazas de profesorado dos corpos docentes universitarios solicitará á Sección de Xestión Económica a apertura dunha actividade no MUS para poder efectuar a solicitude dos gastos.
2. A Sección de Xestión Económica abrirá no MUS unha actividade que identificará coa referencia da praza, baixo a aplicación orzamentaria 0000 421SCPP 23 cunha dotación de 2.500 €. No caso de resultar insuficiente este crédito, deberase xustificar debidamente ante a Xerencia, que poderá autorizar o incremento da dotación ata os 3.000,00 €.
3. A Sección de Xestión Económica unha vez creada a actividade asignará como validador/a á/ao Administradora/r de Centros de ámbito ou campus dentro de dita actividade, sen prexuízo de que a/o Administradora/r de Centros estime oportuno designar outra/o validador/a.
4. A Unidade de Apoio a Centros e Departamentos introducirá nos aplicativos económicos os gastos xerados na xestión da praza e solicitará e autorizará os mesmos para envialos á U.T. nos diferentes aplicativos.
5. A sección de Xestión Económica tramitará os gastos por actividades e realizará a correspondente imputación orzamentaria no MUS para que o Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería proceda aos pagos coma no resto das operacións contables de gastos equivalentes.

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	**GEISER-7f33-e1af-117a-4b4c-8f9f-f53b-3cf6-3ec7**	**26/02/2019 12:49:00 Horario peninsular**
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800009s19N0000039	**https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida**	**Original**

GEISER-7f33-e1af-117a-4b4c-8f9f-f53b-3cf6-3ec7